# A alimentación pontevedresa irá á folga o luns pola negativa da patronal a retirar a proposta de convenio


[1]

Os traballadores/as do comercio de alimentación da provincia de Pontevedra irán finalmente á folga a partir do luns tras a ruptura das negociacións coa patronal do sector, que pretende asinar un convenio que suporía a perda de boa parte dos seus dereitos laborais. As tres centrais maioritarias convocan os afectados/as a unha asemblea este domingo ás 11.30 horas no local da CIG de Vigo para preparar as mobilizacións.
22/3/13.

A ruptura das conversas entre a patronal do sector e os representantes sindicais produciuse despois de que os primeiros non aceptasen retirar de enriba da mesa as propostas [2] que supoñen unha clara precarización das condicións laborais duns 15.000 traballadores e traballadoras en toda a provincia.

Deste xeito, decidiron abandonar a mesa de negociación e convocaron os empregados/as a unha asemblea [3] para trasladarlles a intransixencia da patronal.

Dende a CIG-Servizos de Vigo explicaron que o paro afectará a toda a Semana Santa, xa que está convocado para os días 25, 26, 27, 28 e 30. Os traballadores/as están citados para este luns ás 8.30 horas diante do Concello para organizar os piquetes informativos.

No caso de Pontevedra, o lugar de encontro será nos almacéns da empresa Froiz no lugar da Canteira, Lourido, Poio.

**Ligazóns:**
[1] http://cigservizos.org/node
[2] http://www.galizacig.com/avantar/novas/13-2-2013/cig-ccoo-e-ugt-informaran-en-asemblea-os-traballadoresas-do-comercio-de-alimentacion
[3] http://www.galizacig.com/avantar/novas/20-2-2013/o-comercio-de-alimentacion-da-provincia-de-pontevedra-convocara-folga-en-semana-sant